Os Castelos - Moraime - Muxía, 1979
**Informante**: Nemiñán (73)
**Compiladora**: Dorothé Schubarth
**Transcrición**: Dorothé Schubarth e Antón Santamarina

-R II- Os fumadores Maio 1979

(2) IV 436
IV 39

I,1,150. -RII- 1) Avísovos con cariño
a todos os fumadores
pra que teñades cuidado
con mantas e cobertores.

~~110.~~ 2) Eso é mui necesario
non seamos olvidados
todos que andamos co lume
podemos morrer queimados.

~~120.~~ 3) Porque sal o ladrón
que rouba i non discute
e cando está operando
non hai sitio que non busque.

~~130.~~ 4) As veces síntense casos
algúns son de comentar-e
tamén en esta ocasión
este que vou a contar-e.

~~139.~~ 5) Labraban dous labradores
cada un súa leira
como costumbre de antes
con arados de madeira.

~~145.~~ 6) Un deles é de ~~Onde les er~~a mal xenio
ademáis mui fumador
e siempre estaba de malas
sin poder estar millor.

~~155.~~ 7) Cando non tiña tabaco
pau en muller e criados
se eso era na lagra
hasta lle rompir ôs arados.

175. 8) A hgolpes cos animales
sin podelo remediar
así vencía o capricho
se non tiña que queimar.

178. 9) Pero un día botou contas
que nada lle iban a dar-e
tomou eso por verghonza
para acordoulle fumar-e.

*Audio de procedencia: MPG_SchSa_0001_002_en_Muxia_I_1_150*

ARQUIVO DO PATRIMONIO ORAL DA IDENTIDADE
APOI
Museo do Pobo Galego
instituto de estudos das identidades

I,1,180. 10) Era ligeiro do xenio
hasta andar no camiño
por no estar fumando solo
foille berrar ó veciño.

185. 11) Vente prá acó Manoel
vamos fumar un cigharro
mentres as vacas re-moen
estamos nós xuntò valado

190. 12) O veciño foi ghiado
á primeira vez
e tamén non tiña lume
fuise prá cabo de Andrés.

195. 13) Así qu'os dos se xuntaron
principiaron a conversar-e,
cada un da súa vida
do seu ben ou malestar-e.

180. 14) Cando un vello conta à vida
fai un libro o fai historia
se alarghe à conversación
acórteselle a memoria.

185. 15) Eso lle pasa ós vellos
que lle resulta ser falsa
que cando debían tela
tarde ben o pronto marcha.

190. 16) Andrés botou o esqueiro
sin apaghar no bolsillo
cando ó calor se dou conta
xa lle ardera o calzoncillo.

195. 17) Manoel ó ver arder
caíu ó chan desmaiado
que por causa dun pitillo
morrera un home queimado.

180. 18) Pero Andrés falaba solo
a ver si o apaghamos
anque quedemos co fumo
sin figura de cristianos.

Arquivo do Patrimonio Oral da Identidade

Museo do Pobo Galego

instituto de estudos das identidades

I,1,185. -RII- 19) Manoel fui despertado
anque con pouco solás
e víalle arder a Andrés
a cha-queta por detrás.

195. 20) Co as mans apretoulle á roupa
prá lle acortar ó respiro
apagha por diante Andrés
que se non morres ardido.

215. 21) E si loghran apaghalo
que o lume apareaba
con traballo e calor
xa la sudor os mullaba.

220. 22) E despois botaron contas
como habían de facere
o lume xa se apaghara
o lío era ca muller-e.

225. 23) Pero Andrés marchou prá casa
escondido dos veciños
e hasta prá que no visen
fui cambiando de camiños.

230. 24) A muller vío de lonxe
non pudo dete-la risa
ti qué che pasou Andrés
ou queimáste-la camisa.

235. 25) Non me riñas Manuela
esta fui unha desghracia
que se non fora veciño
eu non volvía já casa.

240. 26) Peghou o lume conmigho
por detrás e mais por diante
que fumos dous apaghalo
e non éramos bastante.

245. 27) E o fumo do esqueiro
fíxome tornar moi neghro
desde o día que nacín
nunca tuven tanto medo.

I,1,250. -RII- 28) Houben de quedar na aghra
e prá morrer sempre é cedo
ardido como un tizón
~~esfrateando~~ espateado no regho.